

Xeografía e Historia. 4º da ESO. Curso 2024-2025.

Vocabulario da España do século XIX para o exame de decembro.

Desamortización: o Estado realiza a expropiación forzosa das terras e bens que ata entón non se podían enaxenar (vender, hipotecar ou ceder) e que se atopaban nas chamadas *mans mortas* (Igrexa católica, baldíos e terras comunais dos concellos). Unha vez nacionalizadas, o Estado as pon no mercado mediante unha poxa pública. As desamortizacións máis importantes foron a de Mendizábal (1836) e a de Madoz (1854).

Cantonalismo (ou movemento cantonal): movemento político de tipo republicano federal que defendía a creación dun Estado composto por unidades políticas territoriais soberanas —os cantóns— que mediante acordos libres se unirían formado a federación española. En 1873, durante a Primeira República, os seus partidarios protagonizaron insurreccións cantonalistas, destacando a de Cartaxena, sufocadas polo exército.

Caciquismo: práctica política que tivo o seu maior auxe durante a época da Restauración Borbónica, utilizando a maioría das veces o fraude electoral ou uso de favores persoais a cambio do apoio a un candidato oficial. Este sistema foi implantado de forma xeneralizada no ámbito rural. A palabra cacique é de orixe caribeño e significa xefe da tribu, e aplícase ás figuras con influencia e control social nun territorio.

Sistema de quenda: alternancia pacífica no goberno polo mutuo acordo entre as forzas monárquicas (Liberais e Conservadores) durante a Restauración borbónica. O sistema baseábase en que cando o partido gobernante sufrira un desgaste político a Coroa nomeaba como presidente do goberno ao xefe da oposición. Este convocaba novas eleccións para obter, mediante métodos caciquís, unha nova maioría parlamentaria.

Sufraxio censatario e o universal: O sufraxio é o dereito político, introducido polo liberalismo ao longo do século XIX, que permite elixir mediante o voto aos cargos públicos. O **sufraxio censatario** limita este dereito só a unha parte da poboación que teña unhas características precisas (de ingresos económicos, posición social ou grao de educación), que lle permitan estar inscritas nun “censo electoral”. O **sufraxio universal** soamente establece como condición para votar a maioría de idade (aínda que as mulleres estiveron excluídas no século XIX).